

Facultade de Filoloxía e Tradución
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 22/07/2021

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 22 de xullo na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Asistentes:

Presidencia

José Francisco Montero Reguera

Secretaría

María Seijas Montero

Sector profesorado

Javier de Agustín Guijarro

Helena Cortés Gabaudan

Jorge Figueroa Dorrego

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Carmen Luna Sellés (PDI)

Ana María Pereira Rodríguez

Alexandre Rodríguez Guerra

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

José Yuste Frías

Representante persoas tituladas

Alexia Dotras Bravo

Representate da sociedade

Marta Souto González

Desculpan

Inmaculada Báez Montero

Fernando Ramallo Fernández

Antonio Rifón Sánchez

Maribel del Pozo Triviño

Non asisten

Antonio Chas Aguión (profesorado)

Belén Otero Rey (PAS)

Pedro López Morillo (estudiantado)

Marinha Paradelo Veiga (estudiantado)

Alba Zels Garrido (estudiantado)

Ábrese a sesión ás 11:45.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (sesión ordinaria de 21/12/20 e sesións extraordinarias de 15/04/21 e 06/07/21)

Sométense a validación as actas. Apróbanse por asentimento.

2. Informe do decano

O decano agradece o esforzo aos coordinadores e coordinadoras dos títulos pola colaboración na elaboración das guías. Dálle a benvida a nova coordinadora do grado de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e Filoloxía Aplicada Galega e Española. Informa tamén que seguimos pendente da visita para a certificación do centro que será nos meses de outubro ou novembro. Tamen sinala que retiramos o punto 7 da orde do día: “Validación, se procede, da memoria do Máster Interuniversitario de Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua” porque o informe recibido esta mesma mañá dos vicerreitores e vicerreitoras implicados neste asunto de Santiago, A Coruña e Vigo decidiron adiar os traballos da comisión para o próximo curso. Por último, o decano informa da substitución na coordinación do máster en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións. O actual coordinador, Jorge Figueroa Dorrego, vai ser substituído por Martín Urdiales Shaw desde o día 1 de setembro de 2021.

3. Validación, se procede, das guías docentes de segundo, terceiro e cuarto dos graos en Linguas Estranxeiras, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e Tradución e Interpretación para o curso 2021-2022

A vicedecana de calidade agradece ás coordinacións a súa dispoñibilidade na elaboración das guías. Sométense a validación as guías. Valídanse por asentimento.

4. Validación, se procede, das guías docentes do Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada, Máster en Tradución para a Comunicación Internacional, Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións, Máster en Tradución Multimedia para o curso 2021-2022.

Sométense a validación as guías. Valídanse por asentimento

5. Validación, se procede, do cambio na Coordinación do Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións a partir do 1 de setembro de 2021.

O decano agradece ao profesor Jorge Figueroa o seu traballo durante varios anos na coordinación do máster en *Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións* e a disposición do profesor Urdiales Shaw para seguir coa coordinación. O profesor Figueroa agradece as palabras do decano e deséxalle o mellor ao novo coordinador. Sométense a validación o cambio na coordinación do MEIA. Valídase por asentimento.

6. Validación, se procede, do rexistro *Seguimento de Información Pública* (R1 DO-0301 P1).

A vicedecana de Calidade explica que este rexistro de *Seguimento de Información Pública* substitúe o **Plan Operativo de Información Pública** que foi actualizado a principios do presente curso pola área de Calidade para mellorar a súa eficiencia e a súa utilidade. A finalidade deste *Seguimento de Información Pública* é garantir que a información pública da Facultade de Filoloxía e Tradución e das titulacións que se imparten sexa accesible aos distintos grupos de interese (estudiantado -propio e alleo-, PDI, PAS e persoas tituladas) e estea actualizada, ademais de cumprir cos requisitos establecidos polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). Informa ademais que o que se tentou foi destacar as diversas canles para a difusión e o acceso á información pública do centro, é dicir, a web da facultade, as webs dos mestrados, as webs dos departamentos con sede na facultade, ferramentas de teledocencia e teletraballo, as redes sociais da facultade e da delegación de estudantes ou as listas de correo electrónico. Tamén se fixo un pequeno apartado sobre o novo grao de Filoloxía Aplicada Galega e Española pois na propia web da Facultade creouse unha ligazón para promocionar o novo grao ademais de destacar a campaña de publicidade que se fixo nas redes para dar a coñecer a nova titulación. Un segundo apartado deste rexistro, que é a novidade con respecto ao curso pasado, é unha listaxe coas ligazóns ás webs que recolle a información pública mínima que o centro e as titulacións deben publicar segundo a ACSUG (descrición do profesorado, aulas e seminarios, denominación das titulacións, número de créditos, etc.). Como conclusión, sinala que na actualidade a Facultade de Filoloxía e Tradución cumpre as esixencias ligadas á información pública tanto do propio centro como das titulacións que nel se imparten.

Valídase por asentimento

7. Validación, se procede, da memoria do Máster Interuniversitario de Ensinanza do Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua.

Retírase o punto da orde do día.

8. Rogos e preguntas

A directora do Departamento de Tradución e Interpretación pide a palabra e indica que un par de profesores escribíronlle dicindo que tiñan algúns problemas específicos cos horarios do curso 2021-2022. O decano indica que os problemas os tratará de solucionar o vicedecano de Organización Académica, xa que os horarios non son competencia da Comisión de Calidade

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12:03

Vigo, 22 de xullo de 2021

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

DILIXENCIA

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 09/06/2022

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero